



O Concello de Vilagarcía de Arousa a través da **Concellería de Promoción Económica**, convoca o

CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL 2024
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

A presente convocatoria ten por obxecto promover e incentivar a creatividade comercial no Concello de Vilagarcía de Arousa á hora de presentar os establecementos e facelos máis atractivos aos consumidores/as, reforzando a imaxe dos mesmos e dinamizando a actividade comercial e hostaleira do Municipio.

A temática decorativa estará inspirada no Nadal o que contribuirá a crear un ambiente festivo propio destas festas.

Dende o Concello premiarase aos negocios que, con motivo da campaña do Nadal 2024, engalanen mellor os escaparates e/ou os accesos aos establecementos, de acordo co establecido nas seguintes

B A S E S

PRIMEIRO. Poderán participar no concurso, todos os establecementos comerciais do Concello de Vilagarcía de Arousa (comercio retallista, restauración, hostalaría, vendedores da praza de abastos, etc.) que o soliciten formalmente a través sede Electrónica do Concello antes da data límite establecida nas presentes bases.

SEGUNDO. A inscrición para participar, formalizarase mediante solicitude **Instancia xenérica ([Formulario de Solicitude modelo: 01001](#))** a través da sede electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal), debidamente cumprimentadas e asinadas. **O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o día seguinte á aprobación das presentes bases ata o 24 de decembro de 2024**

TERCEIRO. Xunto coa solicitude de inscrición, presentarase un certificado de conta bancaria. No caso de asociados do *Centro Comercial Aberto Zona Aberta* ou *Asociacións de Praceiros*, a asociación á que pertencen poderá realizar as inscricións en representación dos asociados que así o soliciten.

CUARTO. Formalizada a inscrición no concurso, o Concello facilitará o **cartel distintivo de “Establecemento Participante”** que deberá ser colocado nun lugar visible do escaparate do local. Os participantes terán á súa disposición o distintivo de participación na Concellería de Promoción Económica.

QUINTO. A decoración de **NADAL** deberá **manterse ata o 6 de xaneiro de 2025.**

Xunto coa solicitude de participación, os establecementos participantes deberán presentar a través da Sede Electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal), un máximo de dúas fotografías do escaparate en **formato pdf**, debendo indicar o establecemento comercial ao que pertencen as fotografías e o seu enderezo.

SEXTO. Os membros do xurado visitarán, sen aviso previo, durante o tempo que dura o concurso, todos os establecementos participantes.

SÉTIMO. A **puntuación máxima será de 5 puntos**, sen prexuízo de que o xurado poida declarar deserto algún dos premios. O tema a desenvolver será o Nadal, deixando total liberdade no tocante á técnica e estilo.

Para o outorgamento da puntuación, o xurado terá en conta, especialmente a creatividade e orixinalidade da composición do espazo e o uso de materiais sostibles.

En caso de empate, o mesmo dirimirase por voto de calidade do grupo de goberno municipal.

OITAVO. Establécense os seguintes premios, segundo consignación orzamentaria **do orzamento de 2025.**

- **Un** Primeiro premio de: **595 €**
- **Dous** Segundos premios de: **395 € c/u**
- **Dous** Terceiros premios de: **200 € c/u**

*** O custo Total do evento é de: 1.785 €**

OITAVO. A entrega das cantidades outorgadas en concepto de premio, quedará condicionada á non existencia de débedas do participante co Concello de Vilagarcía de Arousa, AEAT e Facenda da Comunidade Autónoma e serán no seu caso obxecto da retención fiscal que proceda de acordo coas normas tributarias.

A inscrición para participar no presente concurso implica a aceptación das presentes bases.